

A Secretaría Xeral para o Deporte, por resolución do 30 de xuño de 2017, revogou o recoñecemento da Federación Galega de Fútbol Sala como federación deportiva galega e determinou a cancelación da súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.

Na resolución establecíase expresamente que *“para dar cumprimento á presente resolución, a Federación Galega de Fútbol Sala, respectando a normativa de protección de datos, deberá facilitar e trasladar todos os expedientes, datos e informes dos que dispoña en exercicio das funcións delegadas, á Secretaría Xeral para o Deporte para que esta poida dar traslado á Federación Galega de Fútbol co fin de poder exercer en plenitude as funcións delegadas pola administración no prazo de DEZ DÍAS a contar desde a notificación da presente resolución”*.

Desde esta secretaría xeral tense solicitado, ata por tres veces, a achega da documentación á extinta Federación Galega de Fútbol Sala sen que se tivera dado traslado do requirido, que consistía en:

- 1ª. Clasificación final das últimas tres temporadas, indicando ascensos e descensos, de todas as competicións e categorías oficiais organizadas pola Federación Galega de Fútbol Sala.
- 2ª. Relación de clubs de fútbol sala inscritos en esa federación nas últimas tres temporadas, con indicación do seu enderezo e, no seu caso, enderezo de contacto(correo electrónico).
- 3ª. Relación individualizada dos xogadores e adestradores (por clubs ou entidades deportivas) e árbitros con licenza federativa nas últimas tres temporadas, indicando nome, apelidos, NIF, antigüidade e número de licenza.
- 4ª. Relación de entidades deportivas participantes nas últimas tres temporadas no programa Xogade.
- 5ª. Relación dos cursos de formación levados a cabo nos últimos 5 anos, con indicación do contido de cada curso e das persoas que asistiron e superaron a formación.
- 6º Aquela outra documentación que considere de interese esa federación.

Ante este incumprimento, e con independencia das medidas a adoptar desde esta Secretaría Xeral para o Deporte, a día de hoxe nin a Federación Galega de Fútbol(como federación que pasa a exercer as funcións delegadas pola administración), nin a Secretaría Xeral para o Deporte, dispoñen da documentación que permita emitir certificados baseados en feitos que figuraran amparados na documentación requirida.





Así pois, a vista desta situación, aqueles clubs que precisen de certificados para acceder a subvencións ou outro tipo de trámites administrativos, considerase que deberían:

a) Presentar os orixinais da documentación (licenzas, facturas...) para que poidan ser compulsadas pola servizos provinciais de deportes aos efectos de acreditar o número de licenzas ou outra circunstancias, ou

b) Solicitar, **antes da data do vencemento do prazo**, unha ampliación do prazo de xustificación, alegando a imposibilidade de achegala certificación ata que a Federación Galega de Fútbol ou a Secretaría Xeral para o Deporte dispoñan da documentación para poder emitir certificados.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Subdirector xeral de Plan e Programas

Miguel López Sieiro

